



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2019-2020

**CPI ARMANDO COTARELO VALLEDOR
DEPARTAMENTO DE FRANCÉS
MARÍA CONSUELO CERNADAS CAMPOS**

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.	2
<hr/>	<hr/>
- 1º ESO	2
<hr/>	<hr/>
- 2º ESO	3
<hr/>	<hr/>
- 3º ESO	5
<hr/>	<hr/>
- 4º ESO	7
<hr/>	<hr/>
2. Criterios de avaliación e cualificación.	9
<hr/>	<hr/>
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre	10
<hr/>	<hr/>
4. Información e publicidade.	11
<hr/>	<hr/>

1.- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

1º ESO

Bloque 1: Comprensión de textos orais

Estándares de aprendizaxe	Competencias imprescindibles
1. Comprende o sentido global e a información máis relevante de textos orais breves (instrucións e comunicados) con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas, procedentes de medios audiovisuais ou de internet, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito.	Competencia en comunicación lingüística (CCL) Competencia dixital (CD) Aprender a aprender (CAA)

Bloque 2: Producción de textos orais

Estándares de aprendizaxe	Competencias imprescindibles
1. Preséntase e da información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses relativos a temas moi cotiáns.	Competencia en comunicación lingüística (CCL) Competencia dixital (CD) Aprender a aprender (CAA)

Bloque 3. Comprensión de textos escritos

Estándares de aprendizaxe	Competencias imprescindibles
1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese.	Competencia en comunicación lingüística (CCL) Competencia dixital (CD) Aprender a aprender (CAA)
2. Comprende avisos, obrigas e prohibicións básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.	Competencia en comunicación lingüística (CCL) Competencia dixital (CD) Aprender a aprender (CAA)
3. Comprende información básica e sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade.	Competencia en comunicación lingüística (CCL) Competencia dixital (CD) Aprender a aprender (CAA)

Bloque 4: Producción de textos escritos

Estándares de aprendizaxe	Competencias imprescindibles
1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información, ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar.	Competencia en comunicación lingüística (CCL) Competencia dixital (CD) Aprender a aprender (CAA)
2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa ao seus datos persoais e intereses ou afeccións (nome, idade, enderezo, gustos, etc.).	Competencia en comunicación lingüística (CCL) Competencia dixital (CD) Aprender a aprender (CAA)
3. Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (felicitar, informar, preguntar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada.	Competencia en comunicación lingüística (CCL) Competencia dixital (CD) Aprender a aprender (CAA)

Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe

Estándares de aprendizaxe	Competencias imprescindibles
1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e iníciase no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. (resumindo: é capaz de ler correctamente e con pronunciación adecuada un texto breve, despois da escoita dun documento sonoro)	Competencia en comunicación lingüística (CCL) Competencia dixital (CD) Aprender a aprender (CAA)

2º ESO

Bloque 1: Comprensión de textos orais

Estándares de aprendizaxe	Competencias imprescindibles
1. Comprende o sentido global e a información máis salientable de textos orais procedentes de medios audiovisuais ou de internet, breves como instrucións e comunicados, con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas e accións presentes moi habituais,	Competencia en comunicación lingüística (CCL) Competencia dixital (CD) Aprender a aprender (CAA)

sempre que se fale de xeito moi pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito.	
2. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar, e estados de saúde, sensacións e sentimentos moi elementais.	Competencia en comunicación lingüística (CCL) Competencia dixital (CD) Aprender a aprender (CAA)

Bloque 2: Producción de textos orais

Estándares de aprendizaxe	Competencias imprescindibles
4. Preséntase e dá información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre o funcionamento de bens e servizos relativos a temas moi cotiáns (horario de clase, materias e actividades extraescolares que ten as diferentes horas. etc.)	Competencia en comunicación lingüística (CCL) Competencia dixital (CD) Aprender a aprender (CAA)

Bloque 3. Comprensión de textos escritos

Estándares de aprendizaxe	Competencias imprescindibles
1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese.	Competencia en comunicación lingüística (CCL) Competencia dixital (CD) Aprender a aprender (CAA)
2. Comprende información básica e moi sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre sentimentos, preferencias e afeccións, referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade.	Competencia en comunicación lingüística (CCL) Competencia dixital (CD) Aprender a aprender (CAA)
3. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo moi sinxelo, e con apoio visual, sobre temas coñecidos como actividades escolares e de lecer, hábitos saudables, etc., próximos á súa idade e á súa experiencia.	Competencia en comunicación lingüística (CCL) Competencia dixital (CD) Aprender a aprender (CAA)

Bloque 4: Producción de textos escritos

Estándares de aprendizaxe	Competencias imprescindibles
1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir	Competencia en comunicación lingüística (CCL) Competencia dixital (CD) Aprender a aprender (CAA)

información ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar.	
2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa aos seus datos persoais, aos seus intereses ou ás súas afeccións.	Competencia en comunicación lingüística (CCL) Competencia dixital (CD) Aprender a aprender (CAA)
3. Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (informar, preguntar, invitar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada.	Competencia en comunicación lingüística (CCL) Competencia dixital (CD) Aprender a aprender (CAA)

Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe

Estándares de aprendizaxe	Competencias imprescindibles
1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. (resumindo: é capaz de ler correctamente e con pronunciación adecuada un texto breve, despois da escoita dun documento sonoro)	Competencia en comunicación lingüística (CCL) Competencia dixital (CD) Aprender a aprender (CAA)

3º ESO

Bloque 1: Comprensión de textos orais

Estándares de aprendizaxe	Competencias imprescindibles
1. Identifica as ideas principais de programas de televisión e de presentacións moi sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiáns predicibles ou do seu interese, previamente traballados, articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias ou reportaxes breves), cando as imaxes constitúen grande parte da mensaxe.	Competencia en comunicación lingüística (CCL) Competencia dixital (CD) Aprender a aprender (CAA)

Bloque 2: Producción de textos orais

Estándares de aprendizaxe	Competencias imprescindibles
<p>1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, sobre aspectos concretos de temas xerais ou relacionados con aspectos básicos dos seus estudos, e responde a preguntas breves e sinxelas dos oíntes sobre o contido das mesmas se se articulan clara e lentamente.</p>	Competencia en comunicación lingüística (CCL) Competencia dixital (CD) Aprender a aprender (CAA)

Bloque 3. Comprensión de textos escritos

Estándares de aprendizaxe	Competencias imprescindibles
<p>1. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos moi breves en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos (números, os nomes, ilustracións e títulos gran parte da mensaxe.)</p>	Competencia en comunicación lingüística (CCL) Competencia dixital (CD) Aprender a aprender (CAA)
<p>2. Comprende correspondencia sinxela en calquera formato en que se fala dun mesmo; descríbense persoas, actividades, etc. nárranse acontecementos pasados, e exprésanse de maneira sinxela sentimentos, desexos e plans, e opinións sobre temas coñecidos ou do seu interese.</p>	Competencia en comunicación lingüística (CCL) Competencia dixital (CD) Aprender a aprender (CAA)
<p>3. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese (p. ex. sobre unha cidade), sempre que poida reler as seccións difíciles.</p>	Competencia en comunicación lingüística (CCL) Competencia dixital (CD) Aprender a aprender (CAA)

Bloque 4: Producción de textos escritos

Estándares de aprendizaxe	Competencias imprescindibles
<p>1. Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países), na que se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, e se fan e se aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans).e fai unha presentación do texto limpa e ordenada.</p>	Competencia en comunicación lingüística (CCL) Competencia dixital (CD) Aprender a aprender (CAA)

2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa aos seus intereses ou ás súas afeccións.	Competencia en comunicación lingüística (CCL) Competencia dixital (CD) Aprender a aprender (CAA)
--	---

Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe

Estándares de aprendizaxe	Competencias imprescindibles
1. Produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. (resumindo: é capaz de ler correctamente e con pronunciación adecuada un texto breve, despois da escoita dun documento sonoro)	Competencia en comunicación lingüística (CCL) Competencia dixital (CD) Aprender a aprender (CAA)

4º ESO

Bloque 1: Comprensión de textos orais

Estándares de aprendizaxe	Competencias imprescindibles
1. Comprende, nunha conversa informal, descrições, narracións, puntos de vista e opinións formulados de xeito simple sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.	Competencia en comunicación lingüística (CCL) Competencia dixital (CD) Aprender a aprender (CAA)
2. Identifica a información esencial de programas de televisión e presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiáns ou do seu interese familiares e predicibles articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias, documentais ou entrevistas), cando as imaxes portan gran parte da mensaxe.	Competencia en comunicación lingüística (CCL) Competencia dixital (CD) Aprender a aprender (CAA)

Bloque 2: Producción de textos orais

Estándares de aprendizaxe	Competencias imprescindibles
1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un esquema lineal e estruturado, sobre	Competencia en comunicación lingüística (CCL) Competencia dixital (CD)

aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos.	Aprender a aprender (CAA)
---	----------------------------------

Bloque 3. Comprensión de textos escritos

Estándares de aprendizaxe	Competencias imprescindibles
1. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos breves, en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen grande parte da mensaxe.	Competencia en comunicación lingüística (CCL) Competencia dixital (CD) Aprender a aprender (CAA)
2. Comprende correspondencia persoal sinxela, en calquera formato, na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos presentes, pasados e futuros, e se expresan de xeito sinxelo sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.	Competencia en comunicación lingüística (CCL) Competencia dixital (CD) Aprender a aprender (CAA)
3. Entende información específica esencial en páxinas Web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese, sempre que poida reler as seccións difíciles.	Competencia en comunicación lingüística (CCL) Competencia dixital (CD) Aprender a aprender (CAA)

Bloque 4: Producción de textos escritos

Estándares de aprendizaxe	Competencias imprescindibles
1. Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países); se intercambia información; se describe en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, de dan instrucións e se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans) e se expresan opinións de xeito sinxelo.	Competencia en comunicación lingüística (CCL) Competencia dixital (CD) Aprender a aprender (CAA)
2. Escribe notas e mensaxes en diferentes soportes, nos que fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía máis importantes.	Competencia en comunicación lingüística (CCL) Competencia dixital (CD) Aprender a aprender (CAA)

Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe

Estándares de aprendizaxe	Competencias imprescindibles
1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. (resumindo: é capaz de ler correctamente e con pronunciación adecuada un texto breve, despois da escoita dun documento sonoro)	Competencia en comunicación lingüística (CCL) Competencia dixital (CD) Aprender a aprender (CAA)

2.- Criterios de avaliación e cualificación

60% da nota: entregar todas as tarefas propostas para mandar a corrixir- -Valorarase esencialmente o esforzo do alumnado

10% da nota: vocabulario (probos tipo test, adaptadas a cada nivel)

10% da nota: gramática (probos tipo test, adaptadas a cada nivel)

10% da nota: expresión e comprensión escritas (textos sinxelos seguindo modelos propostos e preguntas sobre textos sinxelos adaptados ao nivel do alumnado)

10% da nota: comprensión oral e lectura (vídeos ou podcast sinxelos con preguntas tipo test /grabación da lectura dalgún texto adaptado ao nivel de cada grupo, sempre co envío da grabación dese mesmo texto feito pola profesora ou descargado de internet, para poder escoitar e imitar a pronunciación).

Alumnado coa 1ª e 2ª avaliación aprobadas: á nota optida polos traballos e probos realizados no período comprendido entre o 14 de abril 2020 e o 19 de xuño 2020, se lle aplicará un 15%, que se engadirá a media da 1ª e 2ª avaliación. (Exemplo: media da segunda avaliación: **5**; nota dos traballos de abril, maio e xuño 2020: **5**, nota da avaliación ordinaria: **5+ 15%5= 5+0,75= 5,75 -redondeo a un só decimal 6**)

Alumnado coa 1ª e 2ª avaliación suspensas, terá garantizado o aprobado e dicir o 5, sempre e cando **entregue as tarefas propostas no período comprendido entre o 14 de abril 2020 e o 19 de xuño 2020**. Valorarase, esencialmente o esforzo do alumno/a.

Observación: ao alumnado coa 1ª e 2ª avaliación suspensas **que non entregue as tarefas, terá que entregalas en setembro para obter o 5**.

Non hai alumnado co só unha das avaliación suspensas.

3.- Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

- Sempre terán na **Aula Virtual do centro** a parte de **teoría** - poderá ser un vídeo ou ficha de teoría explicada en galego - e varios exemplos que lles permita entender e non ter ningún problema de comprensión.
- Se subirán a **Aula Virtual do centro** enlaces de **actividades online**, interactivas, con autoavaliación para practicar a teoría proposta e comprobar eles/as mesmos/as a corrección.
- Se utilizará tanto a **Aula Virtual do centro** como **Google Drive** para envío de formulario tipo test, para as probas mencionadas nos criterios de avaliación e cualificación.

A **teoría e tarefas da Aula Virtual serán de repaso**, é dicir correspondente os contidos da 1ª e 2ª avaliación en **2º, 3º e 4º ESO**.

En **1ºESO**, posto que nese nivel, hai contidos sinxelos, de fácil comprensión, necesarios para progresar e así utilizar o xa visto na 1ª e 2ª avaliación, haberá unha ampliación de contidos. **Xa se estivo facendo dende o 14 de abril, antes de recibir as instrucións da Consellería de Educación e a resposta foi moi boa por parte do alumnado de 1º ESO. A continuación cadro de ampliación de contidos de 1º ESO:**

Funcións comunicativas	Patróns sintácticos e discursivos	Léxico de uso frecuente
<ul style="list-style-type: none"> -Preguntar e dicir a hora. -Falar da familia. -Expresar a posesión. -Preguntar e expresar a causa. -Dicir os alimentos e comidas que nos gustan ou non nos gustan. 	<ul style="list-style-type: none"> -<i>Novos verbos pero todos do primeiro grupo e en presente do indicativo.</i> -<i>Os posesivos: mon, ton, son, ma, ta, sa, mes, tes, ses</i> -As preposicións de lugar. (sur, dans) -Os determinantes demostrativos: ce/cet, cette, ces. -<i>Pourquoi... parce que...</i> 	<ul style="list-style-type: none"> -Estacións (primavera, verán, outono, inverno) -Momentos do día (mañá, tarde, noite). -Vocabulario da clase e do centro escolar. -A hora. -Os números do 32 ao 100. -As partes do corpo.(básico) -A familia.(máis cercana) -A roupa (máis habitual) -Os alimentos e as comidas. (máis habituais)

TAREFAS QUE SE PUNTUARÁN SEGUINDO OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DO APARTADO 2.-, PARA SUBIR NOTA OU RECUPERAR A MATERIA SUSPENSA.

- En **1º, 2º e 3º ESO** , se lles pedirá unha tarefa a semana, como máximo, para enviar a corrixir.

Ao alumnado coa **materia suspensa na primeira e segunda avaliación -só dous casos en 2º ESO-**, farán e entregarán as mesmas actividades co resto do alumnado, posto que nese nivel só se vai facer tarefas de repaso do xa visto.

- **En 4ºESO, se lles pedirá dúas tarefas a semana, como máximo,** para enviar a corrixir.
- Se lles poderá pedir **repetir as tarefas, cando haxa moitos erros** -engadindo, unha explicación adicional, cando sexa necesaria e, por suposto sempre que o alumno/a a pida-. A explicación poderá ser por videoconferencia, grabada, por escrito ou cunha chamada telefónica, dependendo de cada caso.
- **Observación:** neste curso **non hai alumnado coa materia de francés pendente.**

4.- Información e publicidade

Alumnado:

- A través da **Aula Virtual** do centro.
- A través dos seus **correos electrónicos** -todos/as eles/as teñen un correo electrónico e teñen o correo de clase da profesora, dende o inicio das clases non presenciais-.

Familias:

- A través do **abalarMóbil** - a todas as familias se lles pediu, nas dúas primeira semanas de peche do centro escolar, que deran de alta ou actualizaran ese servizo da Consellería de Educación xa que é seguro e moi doado de utilizar.
- A través do **teléfono:** sempre que sexa necesario chamarase ás familias para informalas e para explicar calquer dúbida.
- A través do **correo electrónico** -algunhas familias deixaron aos seus correos persoales.

Agora mesmo, non hai ningún problema de comunicación nin co alumnado nin coas familias.

Este documento se publicará na páxina web do centro:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/cpiarmandocotarelo/>

En Boimorto, a 11 de maio de 2020

María Consuelo Cernadas Campos

Xefa do Departamento de Francés